

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Bases da convocatoria de axudas para alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil e de Conservatorio Profesional de Música de Carballo. Curso 2017-2018. Aprobación e convocatoria.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 14 de agosto de 2017, aprobou as bases e a convocatoria das axudas para o alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil e do Conservatorio Profesional de Música de Carballo para o curso escolar 2017-2018. Así mesmo aprobou un gasto por un importe total de **52.500,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria 3200.4810000 do Orzamento Xeral do Concello de Carballo

- Retención de crédito número 201700021171 do 04/08/2017, (referencia intervención 17.17.RC.000211) por importe de 46.500,00€ para facer fronte á concesión e pago das axudas de estudos do 2º Ciclo de Educación Infantil.
- Retención de crédito número 201700021172 do 04/08/2017, (referencia intervención 17.17.RC.000212) por importe de 6.000,00€ para facer fronte á concesión e pago das axudas do Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

Publícase o contido íntegro das bases no Boletín Oficial da Provincia.

Anexo.- Bases da convocatoria de axudas de estudos para alumnado de 2º ciclo de educación infantil e de conservatorio profesional de música de Carballo. Curso 2017-2018

Primeira.- Obxecto.

Co obxecto de axudar ás familias cunhas condicións socioeconómicas máis desfavorables a afrontar os gastos derivados da escolarización dos seus fillos e fillas, o Concello de Carballo convoca as “Axudas de Estudos para alumnado de 2º ciclo de educación infantil e de Conservatorio Profesional de Música de Carballo”.

Segunda.- Beneficiarios.

Para ser beneficiario destas axudas será requisito indispensable estar empadroado e ser fillo/a de pais empadroados no termo municipal de Carballo, con veciñanza no municipio, e convivir co beneficiario, ou emancipados con domicilio neste municipio.

Terceira.- Criterios.

Para a valoración de solicitudes destas axudas teranse en conta criterios económicos. Estes criterios pondéranse da seguinte maneira:

1.- Ingresos máximos da unidade familiar: Poderán optar a unha axuda aqueles/as solicitantes cuns ingresos familiares anuais que non excedan as cantidades que se recollen na táboa seguinte segundo o número de membros computables da familia.

MÁXIMO DE INGRESOS FAMILIARES ANUAIS	
Familias de 1 membro computable	9.938 €
Familias de 2 membros computables	16.964 €
Familias de 3 membros computables	23.025 €
Familias de 4 membros computables	27.342 €
Familias de 5 membros computables	30.560 €
Familias de 6 membros computables	32.989 €
Familias de 7 membros computables	35.391 €
Familias de 8 membros computables	37.780 €

2.- Cálculo da renda familiar: Os ingresos familiares calcularanse por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Os membros da unidade familiar que presentasen Declaración do Imposto sobre a Renda de 2016, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 392 (base imponible xeral) e a 405 (base imponible do aforro) da Declaración. No caso de exención legal de presentar a Declaración da Renda, presentarase Certificado de estar exento desta, na que tamén consten os datos sobre os ingresos que posúe a Axencia Tributaria.

3.- Renda per cápita: Para a valoración das solicitudes, a aqueles solicitantes que non superen os ingresos familiares anuais antes sinalados, calcularáselle a renda per cápita da unidade familiar, dividindo a renda familiar entre o número de membros computables da unidade familiar.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar (pai, nai, alumno e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

4.- Membros computables:

4.1.- Considerarase membro computable da unidade familiar os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor/a ou a persoa encargada da garda e protección do/a menor, o/a solicitante, os irmáns ou irmás con discapacidade física, psíquica ou sensorial que convivan no domicilio familiar ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, e os irmáns ou irmás menores de idade, con excepción dos emancipados, e os irmáns solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

4.2.- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos citados anteriormente. No caso de que non exista convivencia deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente certificado de convivencia ou volante de empadramento colectivo ou outros documentos que acrediten suficientemente tal extremo.

4.3.- No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor ou titor/a co alumno/a, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia. No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel que non conviva co alumno/a. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

4.4.- No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el, acreditarase mediante certificado de defunción ou fotocopia do libro de familia onde figura esta circunstancia.

4.5.- A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que a determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

4.6.- No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

4.7.- En casos especiais en que a unidade familiar non estea conformada do xeito establecido no punto 4.1. destas bases, deberá achegarse certificado ou volante de convivencia colectivo en que figure o alumno/a polo cal se solicita a axuda e todos os familiares que convivan con el, así como certificado dos servizos sociais do municipio que acredite tal extremo.

4.8.- Nos supostos en que o solicitante da axuda sexa un menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores.

4.9.- Nos casos de violencia de xénero, no ámbito familiar quedarán excluídos no cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

5.- Valoración económica: Para a concesión das axudas as solicitudes ordearanse de maior a menor en función da renda per cápita, concedéndose a axuda a aqueles solicitantes cunha renda per cápita inferior, ata a concesión de todas as axudas e crédito dispoñible.

6.- Se o considera necesario, a Comisión cualificadora poderá ter en conta outras circunstancias do/a solicitante, debidamente acreditadas, que poidan afectar á súa situación económica, académica ou familiar e que non foron recollidas nestas bases.

7.- A presentación de solicitude da axuda implicará a autorización ao Concello de Carballo para comprobar a veracidade dos datos ou para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar a información necesaria para a adxudicación da axuda, sendo necesaria tamén a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos, que deberán asinar para tal fin no impreso de solicitude e indicar o seu NIF.

Cuarta.- Crédito.

O crédito total destinado á concesión de axudas de estudos para alumnado de 2º ciclo de educación infantil e de Conservatorio Profesional de Música de Carballo para o ano 2017-2018 ascende a **cincuenta e dous mil cincocentos euros (52.500,00 €)**. Este importe irá con cargo á aplicación orzamentaria 3200.4810000 do Orzamento Xeral do Concello. Este importe distribuirase do seguinte xeito:

- Para alumnos e alumnas que cursen estudos de **segundo ciclo de educación infantil: Trescentas dez axudas de cento cincuenta euros (150 €) cada unha**, que en total ascenden á cantidade de **46.500,00 €**, que irán con cargo á aplicación orzamentaria 3200.4810000.
- Para alumnas/os que estén cursando estudos no **Conservatorio Profesional de Música de Carballo: Seis mil euros (6.000,00 €)** que irá con cargo á aplicación orzamentaria 3200.4810000 O importe individual da axuda para alumnos do Conservatorio Profesional de Música de Carballo ascenderá ao **50% do custe da súa matrícula dunha sóa especialidade para o curso completo**, non tendo en conta as materias soltas ou pendentas.

Unha vez realizada a adxudicación a todos os solicitantes que cumpran os requisitos, se nalgunha das liñas de axuda quedara crédito dispoñible éste poderá adicarse á concesión de axudas a outra liña.

Quinta.- Solicitudes.

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria deberán presentarse en impreso oficial no Rexistro Xeral do Concello de Carballo, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BNDS). O impreso oficial facilitarase no Rexistro Xeral do Concello e nas oficinas municipais de Cultura.

Para a tramitación deste procedemento consultarase de oficio polo Concello de Carballo, sen necesidade da súa aportación documental polo interesado, os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) Volante de empadramento colectivo no Concello de Carballo ou certificado de convivencia.
- b) No caso dos alumnos do Conservatorio Profesional de Música de Carballo documento que acredite a matrícula no Conservatorio Profesional de Música de Carballo e a formalización do seu pago.

Co impreso de solicitude proporcionado polo Concello, que será escaneado e devolto o orixinal, xunto co xustificante do seu rexistro, entregaranse, dentro dun sobre pechado, copia dos seguintes documentos:

- a) Libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos que acrediten os membros da unidade familiar.
- b) DNI ou NIF provisional do beneficiario, no caso de que éste non figure no volante de empadramento.
- c) No caso de discapacidade do/a alumno/a, do solicitante ou dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude:
 - Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
 - Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.
 - Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- d) Declaración do Imposto sobre a Renda (IRPF) do 2016 de todos os membros computables da unidade familiar.

No caso de exención legal de presentar a Declaración da renda, presentarase certificado de estar exento de facela, no que tamén consten os datos sobre os ingresos que posúe a Axencia Tributaria (AEAT) e declaración xurada dos ingresos obtidos pola unidade familiar no ano 2016, achegando fotocopia compulsada de todos e cada un dos documentos acreditativos correspondentes.

Os/as residentes ausentes ou emigrantes presentarán, no caso anterior, certificación acreditativa das retribucións íntegras anuais que perciban da empresa ou entidade onde traballen.

e) Documentación acreditativa de calquera outra circunstancia que se alegue para que se teña en conta nos criterios de concesión.

f) Os/as alumnos/as de Educación Infantil deberán presentar o certificado do centro de que están recibindo o ensino correspondente ou fotocopia ou resgardo da matrícula para o curso 2017-2018.

g) Declaración xurada de que non percibe outras axudas ou bolsas ao ensino de calquera tipo ou, no caso de telas solicitado e non ter aínda resposta, indicar a que organismo.

h) Xustificante de titularidade onde constará o número de conta (co IBAN) a nome do beneficiario da axuda. Cando o beneficiario fose menor de idade, deberá constar tamén como titular o pai, nai ou titor/a que conste na solicitude de axuda.

i) Declaración xurada de que está ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.

A documentación que se presente deberá ter validez na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentadas serán revisadas e examinadas polos servizos técnicos municipais, e os defectos que se aprecien nelas serán comunicados os interesados e interesadas, para que no prazo de dez días procedan á súa reparación.

Sexta.- Outorgamento da axuda.

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios de outorgamento especificados nestas Bases.

A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva e resolverá a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da Comisión avaliadora correspondente. A dita comisión estará formada por:

Presidenta: Concelleira delegada de Educación.

Vogais: Dous Concelleiros delegados.

Na Comisión avaliadora actuará como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación e como informador/a da súa tramitación a/o traballador/a do servizo de Cultura que se encargue da mesma.

A resolución do acordo de concesión e denegación das axudas farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carballo.

O acto de resolución da axuda esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o *Alcalde* deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carballo, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña.

No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, Xeral de Subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión das subvencións.

Sétima.- Xustificante e Aboamento.

Ao abeiro do previsto no artigo 28.9 da Lei 9/07, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que tivesen podido establecerse para verificar a súa existencia.

En consecuencia, nesta convocatoria, para as axudas destinadas a segundo ciclo de educación infantil, non se esixirá a presentación dunha xustificación por parte dos beneficiarios.

O pagamento das axudas efectuaráselle á/ao beneficiario da axuda unha vez resolto a concesión das axudas.

Todas as axudas están suxeitas ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

Oitava.- Obrigas.

Os/as beneficiarios das axudas están obrigados a destinar a axuda á finalidade para a que se concede, podendo o Concello solicitarlle que acredite ante a entidade concedente o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou aproveitamento da axuda.

Estas axudas son incompatibles con calquera outra que teña a mesma finalidade ou para os mesmos estudos que puideran recibirse doutras entidades ou persoas públicas ou privadas. Polo tanto, as/os beneficiarias/os das axudas deberán comunicarlle ao Concello de Carballo a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

As axudas do Conservatorio son compatibles con axudas ou bolsas para outros estudos.

O Concello poderá esixir a devolución da axuda se ten coñecemento de que a/o beneficiaria/o obtivo outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade ou se este non realizou os estudos para os que se concedeu a axuda, podendo esixir certificación acreditativa de que os estudos se cursaron.

Os/as beneficiarios deberán someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención Municipal así como facilitar toda a información que lle sexa requerida.

Novena.- Datos de carácter persoal.

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal (LOPD), infórmase que os datos suministrados nos formularios que se presenten a esta convocatoria poden pasar a formar parte dun ficheiro automatizado de titularidade do Concello de Carballo, cuxa finalidade é a xestión da convocatoria para a que se presenta esta solicitude.

O responsable dos datos recollidos será a Concellaría de Cultura, con enderezo en Praza do Concello, s/n, CP: 15100, Carballo.

O Concello de Carballo comprométese a adoptar as medidas de seguridade que correspondan en cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, entregando o formulario disposto para tal finalidade no Rexistro de Entrada Municipal, no enderezo electrónico lopd@carballo.org ou chamando ao tfno. 981 704 703.

Décima.- Normativa

Con respecto ao non previsto nestas bases aplicarase supletoriamente, en primeiro lugar, o disposto na Convocatoria de axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2017-2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Orde do 16 de maio de 2017), en segundo lugar no Réxime de becas e axudas ao estudo personalizadas, ou nas convocatorias xerais anuais de axudas de estudos do Ministerio de Educación correspondentes ao ano 2017.

Ademais aplicarase supletoriamente:

- Ley 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones.
- R.D.887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Carballo.

Carballo, 18 de agosto de 2017

O Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2017/7159